

kalandraka

Autor: **CARLO COLLODI**

Ilustrador: **ROBERTO INNOCENTI**

Tradución: **PILAR MARTÍNEZ**

Encadernado en cartón

198 páxinas a toda cor. 22x30 cm.

Dispoñible en:


-Galego: "As aventuras de Pinocho"

ISBN 978-84-8464-578-8

-Castelán: "Las aventuras de Pinocho"

ISBN 978-84-96388-03-1

Prezo: 30 €



AS AVENTURAS DE PINOCHO

Como moitos nenos, o protagonista deste conto fai trasnadas, desobedece aos seus pais e non quere ir á escola. Tamén, como a case todos os nenos, gústalle facer o que lle peta e non preocuparse das consecuencias. Mais Pinocho non é un neno coma os demais. En realidade, é un monicreque feito de pau enmeigado, pero un monicreque moi triste!

Pinocho é un dos personaxes indispensables na historia da literatura infantil, un clásico universal imprescindible que KALANDRAKA posúe no seu catálogo a través do libro ilustrado por Roberto Innocenti a partir a obra orixinal de Carlo Collodi.

O exquisito detallismo das imaxes sitúa o lector ante a historia coma se fose unha testemuña de excepción, facéndolle partícipe -con minuciosa precisión- de cada un dos momentos que se narran. O ilustrador recrease en reproducir, de xeito extremadamente fiel ao texto, ambientes tan dispares como o bulicio das rúas ou a serenidade da paisaxe natural, espazos reais e outros que son froito da imaxinación. A fluidez narrativa é unha das principais características do texto, que mestura realidade e fábula, aderezadas con suspense, maxia e sensibilidade.



...Un bo día este pau apareceu no obradoiro dun vello carpinteiro chamado tío Antonio, a quen todos llamaban tío Cereixa porque sempre levaba a punta do nariz lustrosa e avermellada coma unha cereixa madura.

-Esta madeira vaime de marabilla. Farei con ela a pata dunha mesiña.

Meu dito, meu feito: pillou un machado ben afiado para

quitarlle a casca e desbastala. Pero cando estaba a piques de dar o primeiro machadazo, escoitou unha vociña que dicía:

-Non batas en min con moita forza!

Imaxínade como ficou o bo de tío Cereixa!

As mans de Geppetto acaban dándolle vida a Pinocho; non é un simple títere inanimado: ademais de bailar, facer esgrima e dar saltos mortais, ten sentimentos. Gústalle as trasnadas, pero o Grilo-parlante non deixa de guialo polo bo camiño, malia que son moitas as veces que tropeza na mesma pedra, moi ao pesar da Nena dos cabelos azuis. O torbeliño de aventuras nas que se mete Pinocho lévanlle finalmente a reatoparse so seu creador e facer realidade o seu soño: ser humano.

A beleza da historia escrita por Collodi únese ás ilustracións hiperrealistas de Innocenti, facendo de *As aventuras de Pinocho*, unha obra de arte, tanto polas virtudes literarias do texto como pola riqueza de perspectivas das imaxes: láminas ou cadros das que se extraen fragmentos que se van reproducindo ao paso de cada páxina.

KALANDRAKA contribúe a perpetuar a vixencia de Pinocho, un personaxe polo que non pasa o tempo e que segue cativando ás novas xeracións de lectores.

CARLO COLLODI (Florenxia, 1826-1890)

Carlo Collodi é o pseudónimo de Carlo Lorenzini. Fillo dun cociñeiro e dunha serventa, deu os seus primeiros pasos como escritor exercendo como funcionario, xornalista e fundando as súas propias revistas de humor, *Ila Lampione* e *La Scaramaccia*. Atraíalle a política e converteuse en soldado, loitando en conflitos como o que en 1859 enfrontou a Italia e Austria.

A partir de 1875 xa se adicou a escribir só para nenos, traducindo contos clásicos franceses e creando libros didácticos que lle deron notable fama. Entre os personaxes dos seus relatos destacou o chamado *Giannettino*.

En xullo de 1881 apareceu no *Giornale dei bambini* o primeiro capítulo de *Le Avventure di Pinocchio*, que foi todo un éxito.

O que comezou sendo un serial nuha revista apareceu por primeira vez en formato de libro en 1883. Eugenio Mazzanti foi o primeiro ilustrador do orixinal *Le Avventure de Pinocchio*, que se traduciu ao inglés en 1892. Collodi seguiría probando sorte como escritor, pero ningunha das súas obras chegou ás cotas de perfección que acadara con Pinocho. Só en Italia vendéronse un millón de exemplares.

ROBERTO INNOCENTI (Bagno a Ripoli. Florencia, 1940)

De formación totalmente autodidacta, comezou a súa traxectoria artística aos 18 anos, cando foi traballar a un estudo de animación como deseñador. Tamén foi vendedor nunha galería de arte e grafista publicitario. Goza dun privilexiado talento artístico que o levou a participar na diagramación de libros e na elaboración de cartaces para teatro e cine.

Ilustrou obras como *A Historia de Erika*, de Ruth Vander Zee, editado por KALANDRAKA. Tamén lle puxo imaxes aos textos doutros escritores como Eta Hoffmann, Charles Perrault, Oscar Wilde, Christophe Gallaz ou Charles Dickens. As súas obras publicáronse en países como Francia, Estados Unidos, Dinamarca, Xapón, Noruega, Canadá, España, Alemaña, Suiza, Holanda, Bélxica, Suecia, Finlandia, Eslovenia, Italia, Bulgaria...

Entre os premios que recibiu en recoñecemento ao seu labor figuran a Mazá de Ouro na Bienal de Ilustración de Bratislava, a Medalla de Prata da Sociedade de Ilustradores de Nova Iorque, a nominación ao Premio Internacional de Ilustración Hans Christian Andersen 2004, unha distinción que por fin logrou en 2008.

PILAR MARTÍNEZ (Burgos, 1959)

Licenciada en Ciencias da Educación pola Universidade de Santiago, é profesora de inglés nun centro educativo do Salnés. Como especialista en lingua galega, é coautora dunha colección de contos para o ensino da lecto-escritura nesta lingua (Método Bulebule).

En 1990 foi ata Australia para dar clases de español durante seis anos; tamén traballou para o Departamento de Educación de Nova Gales do Sul elaborando materiais para a aprendizaxe de linguas e realizando adaptacións de contos ao castelán.

Traduciu ao galego e ao castelán varios álbums de autores como Anthony Browne, Leo Lionni, Eric Carle ou Simon James para KALANDRAKA e FAKTORÍA K.

- **Temática:** clásico da literatura infantil; a historia dun monicreque de madeira, cuxo egoísmo e mal comportamento o leva a padecer todo tipo de desgrazas ata que ao final cambia o seu comportamento
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos
- **Aspectos destacables:** adaptación do clásico de Collodi; ilustracións hiperrealistas de Innocenti

comunicacion@kalandraka.com | www.kalandraka.com

